



Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello

**Día:** 16 de xuño de 2016

**Hora de comezo:** 14.15 h

**Hora de remate:** 14.45 h

### **ASISTENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Don Jesús Sanjuás Mera

Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebreiro

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Requerimento de limpeza de leira no lugar de Caneda – Loureda**
- 3. Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental, en Ponte Ledesma. Inicio execución subsidiaria**
- 4. Devolución de fianza**
- 5. Aprobación de facturas**
- 6. Apertura sobre C das obras do Plan POS 2016**
- 7. Aprobación do proxecto “Travesía en Camporrapado e outros”**
- 8. Adxudicación do contrato das actividades do campo de traballo 2016**
- 9. Alta no inventario de bens**
- 10. Licenzas urbanísticas**
- 11. Altas no servizo de abastecemento e saneamento**
- 12. Aprobación das bases e prezos públicos das actividades incluídas na Xanela de verán 2016**
- 13. Devolución cobros actividades culturais e deportivas 2015/2016**

**14. Xustificación do segundo pagamento da subvención “proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas”**

**15. Rogos e preguntas**

## **DELIBERACIÓN**S

**1. Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 2 de xuño do 2016.

**2. Requerimento de limpeza de leira no lugar de xxxxx – Loureda**

Antecedentes

O 10 de xuño do 2016, co número de entrada 16/1172, dona M<sup>a</sup> del Carmen xxxxx, con domicilio en Arzúa, sinala que na aldea de xxxxx – Loureda, lugar donde viven seus pais, existe unha vivenda en ruinas, completamente invadida de maleza.

Que dita maleza invade non só a casa, senón tamén a estrada que está a carón e as propiedades dos veciños colindantes, poñendo en perigo a circulación viaria, a saúde dos veciños e con alto risco de incendio para toda a aldea.

Manifesta igualmente que dita casa era propiedade do falecido, don Jesús xxxxx.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón a titularidade da parcela número 63, polígono 502, figurando herdeiros de Jesús xxxxx.

Según informe do coordinador de obras e servizos do concello, do 13 de xuño do 2016 “*Feita inspección técnica no lugar de Loureda – xxxxx, comprobase que na parcela número 63, polígono 502, existe abundante maleza.*

*Dita parcela ten a referencia catastral 001201000NH44F0001JW.*

*Existen, dentro da citada parcela unha construcción invadida de vexetación.*

*Apreciase un grave estado de abandono. Todo elo supón unha evidente situación de insalubridade e de risco incendio.*

*Axúntase reportaxe fotográfico.”*

Consideracións xurídicas

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobilés a:  
a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

- O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

**1.** Requirir a herdeiros de don Jesús xxxxx, propietarios da parcela número 63, polígono 502, do lugar de xxxxx – Loureda, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente.

**2.** En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

**3.** Dar trámite de audiencia a herdeiros de don Jesús xxxxx, para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

### **3. Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental, en Ponte Ledesma. Inicio execución subsidiaria**

#### Antecedentes

Con data 9 de abril de 2016, ás 00.30 horas (según comunica mediante correo electrónico o 13 de abril do 2016, o axente de seguros da Compañía CASER , don José Luis Fontán) tivo lugar un sinistro no Lugar de Ponte Ledesma, na estrada municipal número 674.

Comunica así mesmo que o sinistro está aperturado co número 201605032886 en CASER.

O vehículo SEAT IBIZA, matrícula xxxxx, propiedade de don Ramón xxxxx, e asegurado na compañía de seguros CASER, impactou contra unha farol ornamental, destrozando a columna e o farol.

Consta no expediente reportaxe fotográfica do farol destrozado e presuposto número 649, de data 11/04/2016, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que reflicte o custo de reposición de columna e farol ornamental rotos en Ponte Ledesma o 9 de abril do 2016.

Ascenden os traballos de reposición a un custo total (con IVE engadido) de 1.506,22 €.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 21 de abril do 2016 acordouse aprobar a valoración do arranxo do columna e farol ornamental rotos en Ponte Ledesma o 09/04/2016, por importe total de 1.506,22 €, IVE engadido; comunicar ó axente da compañía de seguros CASER, don José Luis Juanes así como a don Ramón xxxxx, propietario do vehículo SEAT IBIZA, matrícula xxxxx, que ou ben o propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo do arranxo da columna e farol de alumeadoo público destrozados e déuselle trámite de audiencia ó axente da compañía de seguros CASER e ó propietario do vehículo SEAT IBIZA, matrícula xxxxx.

O axente da compañía de seguros CASER, don José Luis Fontán Juanes, recibe a notificación da reclamación da contía por danos na columna e farol ornamental o 28 de abril do 2016.

O propietario do vehículo, don Ramón xxxxx, recibe a notificación da reclamación da contía por danos na columna e farol ornamental o 9 de maio do 2016.

Non presentaron alegacións nin documentación oportuna.

### Consideracións xurídicas

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que “Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local".

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que “As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e imponer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

**1.** Iniciar o expediente de execución subsidiaria e en consecuencia coa reposición columna e farol ornamental destrozados en Ponte Ledesma, na estrada municipal número 674, polo vehículo SEAT IBIZA, matrícula xxxxx, propiedade de don Ramón xxxxx.

Dito propietario, ou ben a compañía aseguradora do vehículo, deberán aboar ó Concello de Boqueixón a contía da reposición dos danos ocasionados, que ascenden a un total de 1.506,22 euros, no número de conta bancaria do concello: xxxxx.

**2.** Comunicar a empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que proceda coa reposición da citada columna e farol ornamental destrozados en Ponte Ledesma.

**3.** Iniciar, así mesmo, o expediente para o cobro da contía de reposición pola vía executiva e a súa remisión á Deputación Provincial da Coruña para a cobranza.

**4.** Dar traslado deste acordo a don Ramón xxxxx e o axente da compañía de seguros CASER, don José Luis Fontán Juanes, aos efectos oportunos.

### **4. Devolución de fianza**

Con data 26 de maio de 2016, co número 16/1009, ten entrada o correo electrónico enviado por Ence, Energía y Celulosa, SA onde solicitan a devolución da fianza depositada con ocasión da solicitude de tala, lugar de depósito, carga e transporte de madeira que a dita empresa presentou neste concello no mes de maio do ano 2013.

O importe da fianza era de 4.700,00 euros que se comproba que foron ingresados na conta que o concello ten na entidade ABANCA, con data 22/05/2013.

Por parte do responsable de obras, emítense informe onde se manifesta que unha vez supervisadas e verificadas as parcelas para as que a empresa Ence, solicitou licenza de tala, lugar de depósito, carga e transporte de madeira, comprobábase que non existe ningunha anomalía, nin observación ó respecto.

Polo tanto, procede devolver a fianza depositada, e a Xunta de Goberno acorda:

-Devolver a fianza depositada pola empresa Ence, Energía y Celulosa, SA por importe de 4.700,00 euros, para responder dos danos ocasionados nas parcelas e camiños afectados pola solicitude de tala, lugar de depósito, carga e transporte de madeira presentado no seu momento.

-Comunicar este acordo á Tesourería para que realice a devolución da dita fianza.

## **5. Aprobación de facturas**

A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016, por un importe total de 28.549,14 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Probisa – Aglomerado para reparación de fochancas	153.2.212.00	62,69
2	Ascensores Enor, SA – Servizo mantemento ascensor concello	920.213.00	77,08
3	Almacenes Redondo – Material para servizo de abastecemento e instalacións deportivas	161.221.99 342.212.00	248,66
4	Autoeléctrico Sergude, SC – Colocar barra suxeita contedores	162.1.213.00	26,60
5	Manuel Botana Granja – Materiais para mantementos municipais	920.212.00	98,72
6	Gas Natural Servicios SDG, SA – Consumo eléctrico bombeo de Donas (02/02/16-01/03/16)	161.221.99	1.426,94
7	Gas Natural Servicios SDG, SA – Consumo eléctrico bombeo de Donas (02/03/16-01/04/16)	161.221.99	1.579,57
8	Gas Natural Servicios SDG, SA – Consumo eléctrico bombeo de Donas (02/04/16-01/05/16)	161.221.99	1.527,33
9	Lyreco España,SA – Material vario para oficinas xerais	920.220.00	424,21
10	Alumea,SL – Instalación e limpeza de caldeira calefacción do Local Social de Loureda	920.212.00	1.530,65
11	Liquidación de gastos de José Gonzalo Torres Gil – Factura ITV camión URO 2658 JFZ	135.213.00	58,60
12	Consorcio Galego de SS. SS – Achega económica do servizo de Xantar na Casa – 1º trimestre de 2016	231.227.99	950,23
13	Asociación Recreativa San Antonio – Actuación Duo Channel festa terceira idade 2016	924.226.99	363,00
14	Matilde Calvo Suárez – Servizo terapia ocupacional mes de maio	231.227.99	418,95
15	Muebles Ferreiro,SL – Moble para centro médico do Forte	312.212.00	445,00
16	Comercial Vehículos Industriales TAR, SL – Arranxo en camión do lixo	1621.213.00	911,53
17	Comercial Sanchez y Torres, SC – Arranxo maquinaria de limpeza de xardíns e parques	171.213.00	534,71
18	Montouto Reparaciones, SL – Arranxo camión do lixo	1621.213.00	922,31
19	Río Blanco,SL – Subministros para piscina municipal – desincrustante filtros area	342.221.99	151,25
20	Talleres Sanchez Rey, SC – Reparación desbrozadora	163.213.00	1.070,92
21	Talleres Sánchez Rey, SC – Cuchillas e grilletes para desbrozadora de	163.213.00	689,70

	brazo		
22	Transportes Mosquera – Traslados festa maiores 2016	334.223,00	200,00
23	Electro Lestedo, SL - Trofeos entregados en festa carrozas de S. Cidre	920.226,00	72,50
24	Casa Taboada, SC – Sevizo de comida festa dos maiores 2016	924.226,00	6.133,60
		Importe	19.924,75

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
25	Telefónica de España, SAU- Custo teléfono fusión ( móbiles + fax) do 18 de abril ó 17 de maio	920.222,00	446,64
26	Telefónica de España, SAU- Custo teléfono móbiles - descontos por plan	920.222,00	16,07
27	Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, SA – Servizo de correos mes de maio	920.222,01	1.031,86
28	Estudio Técnico Gallego,SA – Asistencia técnico urbanística mes de maio	151.227,06	1.917,85
29	Gas Natural Servicios SDG, SA – Consumo eléctrico ETAP Orto mes de marzo	161.221,00	5.211,97
		Importe	8.624,39

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural Servicios SDG,SA pertencentes a diferentes puntos de alumeadoo público e que suman un total de 8.972,26 euros. Imputaranse á partida 165.221,00 o orzamento do ano 2016.

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar Suministro	Dat. Emisión	Data Facturación
FE16321199451190	ES0022000007586591QM1P	441,08	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	06/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
FE16321199674743	ES0022000008842233FP1P	670,39	Campo de Fútbol, - Forte 9050	07/04/2016	27/02/16 a 30/03/16
FE16321199578312	ES0022000007164583ER1P	847,91	Colexo do Forte, 9031. Forte	06/04/2016	29/01/16 a 26/02/16
FE16321199578313	ES0022000007164583ER1P	1.127,34	Colexo do Forte, 9031. Forte	06/04/2016	27/02/16 a 30/03/16
FE16321200690911	ES0022000009030777QK0P	445,13	Lg. Deseiro de Arriba, 8037 A.Púb.	20/04/2016	29/01/16 a 30/03/16
FE16321199451191	ES0022000007831162TV1P	491,76	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	06/04/2016	27/02/16 a 30/03/16
FE16321202111556	ES0022000007031520DQ1P	427,89	Lg. Cachosenande, 9604 Polidep.	04/05/2016	26/02/16 a 27/04/16
FE16321202111555	ES0022000008885441EE1P	434,08	Forte, 9090 - Ximnasio	04/05/2016	27/02/16 a 26/04/16
FE16321202111548	ES0022000004357733TW1P	614,03	Camp.da Festa, 0164 Vilar - Lestedo	04/05/2016	26/02/16 a 26/04/16
FE16321202111549	ES0022000007575350XB1P	260,79	Cent. de Saúde, 9164 Vilar - Lestedo	04/05/2016	26/02/16 a 26/04/16
FE16321202214730	ES0022000007831162TV1P	488,42	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	05/05/2016	31/03/16 a 28/04/16
FE16321202214731	ES0022000007164583ER1P	1.183,91	Colexo do Forte, 9031. Forte	05/05/2016	31/03/16 a 28/04/16
FE16321202111550	ES0022000007586591QM1P	280,03	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	04/05/2016	31/03/16 a 28/04/16
FE16321202214732	ES0022000008842233FP1P	271,33	Campo de Fútbol, - Forte 9050	05/05/2016	31/03/16 a 28/04/16
FE16321202293884	ES0022000007164015CP1P	988,17	Concello/Xulgado do Forte, 9027.	05/05/2016	27/02/16 a 26/04/16
	<b>Total</b>	<b>8.972,26</b>			

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía UDESA E GRES pertencentes a diferentes puntos de alumado público e que suman un total de 9.523,2 euros. Imputaranse á partida 165.221,00 o orzamento do ano 2016.

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Subministro	Data emisión	Data facturación
1CSN160500150341	ES0111000009303093RR0F	201,25	Local Soc. Outeiro-Codeso	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500005558	ES0221000001007059GW0F	170,92	Lugar da Baiuca, S.N	02/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500005559	ES0221000001007050AQ0F	318,12	Lg. Ponte Ledesma S/N	02/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500005560	ES0221000001007061GG0F	416,02	Lg. Ponte Ledesma S/N	02/05/16	29/02/16 a 30/04/16

**TOTAL**      **1.106,31 €**

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN160500235824	ES0111000009301099YP0F	114,60	Alum. Púb Rebordaos-Oural	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500235825	ES0111000009301117FA0F	130,41	Alum. Púb., Rebordaos-Oural	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500235826	ES0111000009301128FZ0F	164,90	Al.Púb.Rebordaos do Medio-Oural	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500300521	ES0111000009301135FK0F	14,40	Alum. Púb Pontedesma	18/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500150315	ES0111000009303006CY0F	221,28	Alum. Púb, Engas-Codeso	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500150316	ES0111000009303022CE0F	92,23	Alum. Púb. Casaldeusoso-Codeso	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500150317	ES0111000009303067EK0F	621,89	Al. Púb, (Casa S. Juan) Codeso	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500150318	ES0111000009303068EE0F	24,67	Alum. Púb, Codeso	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500300522	ES0111000009303069TT0F	11,58	Esc. nenas Outeiro - Codeso	18/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500300523	ES0111000009303070TR0F	11,58	Alum. Púb. Outeiro - (Codeso)	18/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500150319	ES0111000009303073TG0F	287,70	Alum. Púb. Igrexa Codeso	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500300524	ES0111000009303079TX0F	50,61	Local Soc. Outeiro-Codeso	18/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500150320	ES0111000009303087TH0F	87,94	Alum. Púb. Gafo.Codeso	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500150321	ES0111000009304048LJ0F	70,28	Alum. Púb. C.Casal-Casalvieto	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500150322	ES0111000009304049LZ0F	78,81	Al. Púb. Centro Frío Casalvieto	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500150323	ES0111000009304050LS0F	27,66	Al. Púb. Vixión-Devesa - Codeso	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500150324	ES0111000009304051LQ0F	96,70	Al. Púb. Vixión-Devesa - Codeso	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500235827	ES0111000009304056LK0F	45,21	Alum. Púb. Granxola-Molino Boo	14/05/16	01/03/16 a 01/05/16
1CSN160500235828	ES0111000009304057LE0F	45,21	Al. Púb. Granxola-Casa Gerardo	14/05/16	01/03/16 a 01/05/16
1CSN160500150325	ES0111000009309008MM0F	126,18	Alum. Púb. Maravexás, S/N	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500150326	ES0111000009313061CX0F	28,54	Lugar (Casa Alfonso) Oural	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16
1CSN160500235829	ES0111000009313063CN0F	43,77	Lg. Camporrapado-Centro deport.	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500150327	ES0111000009313067CQ0F	238,65	A. Púb, Banco G. Camporrapado	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16

1CSN160500150328	ES0111000009313077KA0F	223,43	Alum. Púb. Peneliña-Oural	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16
1CSN160500300525	ES0111000009313189AT0F	886,88	Silveira-Escola Bajo, Oural	18/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500150329	ES0111000009313192AA0F	261,78	Lugar Vila la Paz - Oural	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16
1CSN160500150330	ES0111000009313196AF0F	315,41	Alu. Púb. Campo da Festa- Oural	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16
1CSN160500150331	ES0111000009313203AZ0F	69,80	Alum. Púb. León-Camporrapado	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16
1CSN160500235830	ES0111000009313210AK0F	253,71	Alum. Púb. Silveira-Camporrapado	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500235831	ES0111000009313212GT0F	59,13	Local Social Pousada S/N	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500235832	ES0111000009313218GY0F	20,18	Alum. Púb. Supazo - Pousada	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500150332	ES0111000009313220GP0F	108,82	Alum. Púb. Castro I-oural	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16
1CSN160500150333	ES0111000009313221GD0F	106,32	Alum. Púb. Castro II-oural	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16
1CSN160500150334	ES0111000009313222GX0F	87,34	Alum. Púb. Castro II-oural	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16
1CSN160500235833	ES0111000009313223GB0F	171,29	Alum. Púb. Parte Castro-Oural	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500235834	ES0111000009313224GN0F	154,61	Al.Púb. Pumaríño-Corral-Pousada	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500150335	ES0111000009313235MT0F	38,38	Alum. Púb. Papete-Pousada	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16
1CSN160500235835	ES0111000009313236MR0F	154,58	Alum. Púb. Pousada	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500235836	ES0111000009313267YD0F	137,03	Alum. Púb. Pousada-Oural	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500150336	ES0111000009314019QW0F	263,27	Lugar Pousada S/N	13/05/16	26/02/16 a 28/04/16
1CSN160500235837	ES0111000009315028JE0F	101,76	Igrexa Parroquial Subcira	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500235838	ES0111000009315038ZD0F	222,34	A.P. Subcira-CT S/N	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500235839	ES0111000009315039ZX0F	40,50	A.P. Viñas (Boqueixón)	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500300526	ES0111000009315041ZN0F	22,41	Local Social de Subcira	18/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500235840	ES0111000009315043ZZ0F	357,81	A.P. Fonteblanca e Frenza	14/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500235841	ES0111000009313060CD0F	176,51	Centro Cultural Camporrapado	14/05/16	01/04/16 a 01/05/16
1CSN16050005521	ES022100001006049YG0F	366,35	Igrexa de Ledesma	02/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN16050005522	ES022100001005032FE0F	394,08	Lugar Vila, S/N	02/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN16050005523	ES022100001005012FW0F	452,70	Lugar Noente, S/N	02/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN16050005524	ES022100001007055AK0F	304,91	Lg. Ponte Ledesma S/N - O Castro	02/05/16	29/02/16 a 30/04/16
1CSN160500010466	ES022100001005007YC0F	30,76	Local Social de Noente	03/05/16	29/02/16 a 30/04/16

**TOTAL** **8.416,89** €

# **Aprobaciòn de facturas con cargo a subvenciones**

## Subvención actividades culturais – 2016

### Deputación da Coruña

No BOP núm. 75 do día 21 de abril, publicouse a resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de actividades culturais 2016. A este concello concédenlle unha axuda de 8.047,47 euros.

O día 9 de xuño ( rexistro 16/1156) ten entrada no rexistro municipal a factura emitida pola imprenta Artes Gráficas Alonso, SL polo concepto de 1800 revistas da Xanela por un importe de 588,64 euros.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar a factura núm. A15/761 emitida por Artes Gráficas Alonso, SL polo concepto de 1800 revistas da Xanela por importe de 588,64 euros

-Facer o pagamento desta factura con cargo á subvención concedida para actividades culturais 2016 da Deputación da Coruña

#### Convenio Ramsa

#### Encontro Dragal 2016

Con data 4 de maio de 2016, por resolución da alcaldía aprobase o convenio de colaboración entre este concello e a empresa RAMSA, para colaborar na realización da III Edición do Encontro da Fraternidade do Dragal. Con data 27 de maio, a empresa ingresa na conta do concello o importe de 2.170,00 euros.

Con data 3 de xuño, ten entrada unha factura emitida por Alquimao, SL polo concepto de aluguer de vallas por importe de 145,20 euros.

Con data 8 de xuño, ten entrada unha factura emitida por Bar Timonel ( Marcelino Aboy Torres) polo aluguer dunha carpa para o monte do Pico Sacro, por importe de 1.000,00 euros.

Ambas facturas correspóndense con servizos prestados para a realización das actividades desenvoltas no Encontro Dragal.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. 605/8 emitida por Alquimao, SL polo aluguer de 20 vallas amarelas por importe de 145,20 euros

Aprobar a factura núm. 23 emitida por Marcelino Aboy Torres (Bar Timonel) pola instalación dunha carpa no Pico Sacro e dunha tarima por importe de 1.000,00 euros.

Facer o pagamento destas facturas con cargo ó ingreso realizado pola empresa RAMSA

#### Actividades e Escolas Deportivas –2016

#### Deputación da Coruña

No BOP núm. 84 do día 4 de maio de 2016, sae publicada a concesión da subvención concedida pola Deputación da Coruña para o Plan de escolas deportivas e actividades deportivas ano 2016 por un importe de 4.991,12 euros

Con data 2 de xuño, rexístrase unha factura ( 16/1099) emitida por Electro Lestedo,SL por 250 medallas gravadas para escolas deportivas por importe de 275,28 euros

Con data 9 de xuño, rexístrase unha factura ( 16/1151) emitida por Transportes Mosquera polo desprazamento realizado o día 1 de xuño, realizado con motivo das actividades programadas nas escolas deportivas e por importe de 275,00 euros.

A Xunta de Goberno, acorda:

Aprobar a factura núm. 16/258 emitida por Electro Lestedo,SL por 250 medallas gravadas para as escolas deportivas por importe de 275,28 euros

Aprobar a factura núm. 365/2016 emitida por Transportes Mosquera polo desprazamento das escolas deportivas realizado con data 01/06/16 por importe de 275,00 euros.

Imputar o pagamento destas facturas á subvención concedida pola Deputación.

Programación Cultura no camiño 2016  
Xunta de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través do programa Cultura no camiño 2016, concede ó Concello de Boqueixón dúas actuacións segundo se especifica na confirmación recibida neste concello.

Unha das actuacións é a do grupo Fanfarria Taquikardia no Pico Sacro o día 29 de maio ás 13 horas e por un caché de 968,00 euros. O concello deberá facer o pago da correspondente factura e posteriormente remitilo á Xunta de Galicia para que fagan o correspondente aboamento.

O día 6 de xuño, ten entrada a factura emitida por Culturactiva Soc. Coop. Galega pola actuación do grupo Fanfarria Taquikardia, o día 29 de maio dentro da programación do 4º ciclo Cultura no camiño da AGADIC, por importe de 968,00 euros.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. 170/2016 emitida por Culturactiva Soc. Coop. Galega pola actuación do grupo Fanfarria Taquikardia o día 29 de maio de 2016, dentro da programación do 4º ciclo Cultura no camiño do AGADIC por importe de 968,00 euros.

Imputar esta factura á axuda concedida para o efecto pola Xunta de Galicia

Voluntariado Xuvenil Boqueixón – Vedra  
Xunta de Galicia

Na Xunta de Goberno realizada o día 7 de abril, acordouse solicitar unha axuda por importe de 12.000 euros para a realización do proxecto denominado Programa de Voluntariado Xuvenil Boqueixón – Vedra que desenvolverán ambos concellos.

Polo de agora non se recibiu ningunha comunicación de concesión da axuda.

Con data 7 de xuño, recíbese unha factura pola compra de 90 camisetas para o programa de voluntariado e por un importe de 337,59 euros. Este gasto sería para imputar a unha das actividades que se desenvolven no mencionado programa de voluntariado.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. 16055 emitida por Eduardo Brocos Mareque ( Serigrafía Rotulación Bordado Láser) polo concepto de 90 camisetas ( voluntariado) por importe de 337,59 euros.

Imputar o seu pagamento á subvención que se conceda para o programa de voluntariado.

## 6. Apertura sobre C das obras do Plan POS 2016

Na Xunta de Goberno do día 2 de xuño de 2016, abríronse os sobres B de Referencias Técnicas que presentaron as empresas para concursar na licitación das obras do Plan Pos 2016.

Nesta sesión acordouse excluír ás empresas Nemesio Ordoñez, SA (NOSA), por non poder valorar as ofertas ó non presentar o sobre B de Referencias Técnicas, e á empresa José Luís Millán Millán por presentar unha documentación que non se axusta ós pregos e non poder subsanar dito defecto, segundo o art. 80 do RGLCSP.

As obras son as seguintes: “Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros” por importe de 53.577,01 euros e “Camiño monte da cima da Alboya (Lamas) e otros” por importe de 53.475,25 euros.

A documentación técnica está valorada e a continuación ábrese os sobres C para posteriormente ser valorados polo órgano de negociación.

Debido a que, segundo se especifican nos pregos, non é factible a divulgación da identidade das persoas licitadoras, senón que é necesario outorgar un código alfanumérico a cada unha das empresas, a continuación transcríbense as puntuacións finais que o órgano de licitación debe ter en conta para a posterior negociación:

Núm. 1 - Obra: Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e otros - 53.475,25 euros

Contratista	Programa Traballo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidad	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidad		Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE		
75R3	10	9	10	10	0.83	9	40	88.83
N4YZ	0	0	0	0	0	0	4.94	5.04
5O12	10	7	7	7	0.25	9	22.21	62.46
R0MF	10	7	7	10	0.83	9	26.97	70.80
QC34	10	7	7	10	0.50	9	15.86	59.36
AXDF	6	6	7	10	0.17	0	9.89	39.06
0GQM	4	2	4	4	0.17	1.50	0	15.67
XJMP	10	7	7	10	1	9	13.40	57.40
1HWA	10	7	10	10	0.17	6	32.97	76.14

Núm. 2 - Obra: camiño de Troitomil a pista aglomerado ( Lestedo) e outros – 53.577,01 euros

Contratista	Programa Traballo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidad	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidad		Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE		

530G	10	9	10	10	0.83	9	40	88.83
P0PQ	10	7	10	10	0.17	9	9.49	55.66
3O56	10	7	7	10	0.83	9	26.04	69.87
SH0G	0	0	0	0	0.17	4.50	29.98	34.65
P692	6	6	7	10	0.17	0	9.25	38.42
15WM	10	7	10	10	0.17	6	27.24	70.41
MFAH	10	6	7	10	0.33	9	23.78	66.11
9CP5	4	2	4	4	0.17	1.50	0	15.67
PKU5	10	7	7	10	1	9	15.32	59.32

Unha vez feitas as valoracións das propostas económicas mediante a aplicación da fórmula establecida pola Deputación da Coruña, advírtese que a empresa con código 75R3 na obra núm. 1 e a empresa con código 530G na obra núm. 2, presentan as ofertas onde os seus valores se clasifican como anormais ou desproporcionados , tendo en conta o establecido no prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. Polo tanto notifícaráselle a estas empresas que xustifiquen as súas propostas.

Polo tanto a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, acorda:

1. Comunicar á empresa Nemesio Ordoñez, SA (NOSA), que está excluída deste procedemento ó non presentar os sobres B en ambas obras, polo que é imposible valorar as ofertas e aplicar os criterios de adxudicación.
2. Comunicar á empresa José Luís Millán Millán que está excluída deste procedemento ó presentar tan só unha folla manuscrita nos sobres B de ambas obras, pero non consta outra documentación para poder aplicar os criterios de adxudicación, e segundo a lei de contratos non se contempla como defecto ou omisión subsanable.
3. Comunicar á empresa con código 75R3 na obra Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros e, á empresa con código 530G na obra Camiño de Troitomil a pista aglomerado ( Lestedo) e outros, que deben xustificar a valoración das súas ofertas e achegar a documentación que se especifica nos pregos de cláusulas administrativas ( artigo 15.5.3) para que os servizos técnicos poidan valorar se procede ou non a súa presentación. O prazo que se concede para a presentación da documentación é de 5 días naturais.
4. Unha vez realizado o exame da documentación polos servizos técnicos, iniciarase o procedemento de negociación.

## 7. Aprobación do proxecto “Travesía en Camporrapado e outros”

Coa finalidade de presentar o proxecto ante os organismos competentes, para a concesión dunha axuda económica para a súa realización, solicitouse a redacción dun proxecto no que se inclúen varias obras que a continuación se describen:

Travesía de Camporrapado – pavimentar así como provela das arquetas precisas para a canalización das augas pluviais.

Travesía a León ( Oural) – ó igual que a obra anterior, preténdese pavimentar e colocar as arquetas para as augas pluviais. Ademais quérrese realizar a sinalización horizontal con pintado de liñas en bordes.

Acceso á Casa da Cultura de Camporrapado e Rúa Ponteledesma – pavimentar ambas e construír beirarrúas, así como sinalalas verticalmente con pintado de liñas.

Rúa Mestre Manuel Gacio e Francisco Sinde – mellorar a capa de rodaxe.

Tense coñecemento de que este proxecto vai a ser subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o proxecto denominado Travesía en Camporrapado e outros por importe de 82.458,17 euros ( IVE incluído)

## **8. Adxudicación do contrato das actividades do campo de traballo 2016**

Na Xunta de Goberno do día 6 de maio, acordouse iniciar a contratación do servizo para a realización dunha serie de actividades nun campo de traballo denominado “ O Pico Sacro”.

O importe concedido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado é de 7.450,00 euros, e as actividades realizaranse do 18/07/2016 ó 29/07/2016 ambos incluídos. O número de prazas será de 20 que se ocuparán con xoves de idades comprendidas entre 18 e 30 anos.

A Xunta de Goberno acorda solicitar presuposto ás 3 empresas seguintes:

CPM Eventos

Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL

Arelar, Xestión Socieducativa, SL

Concedíaselle un prazo de 10 días hábiles para que presentaran as súas propostas e ó mesmo tempo publicábase no perfil do contratista.

No prazo establecido, a empresa CPM Eventos non presenta ningunha proposta. Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL presenta un escrito onde agradecen a invitación pero debido a un exceso de tarefas non presentan oferta ningunha.

A empresa Arelar Xestión Socioeducativa, SL presenta a súa proposta na que desenvolve as melloras previstas nos traballos a executar por un importe de 7.449,99 euros.

Polo tanto, á vista destes datos a Xunta de Goberno acorda:

-Adxudicar o contrato do servizo das actividades do campo de traballo “ O Pico Sacro” á empresa Arelar Xestión Socioeducativa, SL por un importe de 7.449,99 euros.

-Deberán realizar as actividades do 18/07/2016 ó 29/07/2016, tendo que desenvolver o proxecto aprobado para o efecto.

-Comunicar este acordo á empresa e o Departamento de Cultura para que realicen as oportunas xestións de cara a coordinar dita actividade

## **9. Alta no inventario de bens**

Coa finalidade de actualizar os datos no inventario de bens municipal, a Xunta de Goberno acorda:

Dar de alta no inventario 7 ordenadores completos de segunda man e cun prezo residual de 170 euros/unidade que foron doados pola empresa Santos Cocina y Baño,SL e que están colocados na planta baixa da casa consistorial na aula de informática.

## **10. Licenzas urbanísticas**

A) Expte.: 15/2456 - de licenza municipal. Segregación da finca rexistral nº: 13636 (Nº: 477; da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo (Boqueixón – A Coruña)

### **ANTECEDENTES:**

Con data do 21/12/2015 con rexistro de entrada nº: 15/2456, por M<sup>a</sup> del Carmenxxxxx, con DNI nº: xxxxx, e Manuelxxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase un proxecto técnico de segregación, da finca rexistral nº: 13636 (nº: 477; da zona de concentración parcelaria de Santa María de Lestedo, sita no lugar da xxxxx, e emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural - Ordenanza de Núcleo Común, e Solo Rústico de protección agropecuaria.

Con data do 12/01/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un informe técnico, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización das actuacións expostas na documentación presentada. No mesmo considera que se deberán modificar os planos é a memoria, aportando mais información. Tamén se deberá delimitar a superficie de cesión das dúas fincas resultantes da segregación. Aportarase a escritura de propiedade da finca, a nome dos solicitantes.

Con data do 21/01/2016, con rexistro de entrada nº: 16/124, polos promotores do expediente, achégase a documentación requerida no informe da arquitecta municipal, do 12/01/2016.

Con data do 04/02/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización das actuacións expostas na documentación presentada. No mesmo considerase o seguinte: *"En cumprimento do artigo 72.d), sobre división e segregación de predios de substitución, da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, no caso de que unha parcela estea en parte clasificada como de núcleo rural e en parte como rústica, a súa división terá que contar coa autorización do servizo provincial competente en material de reestruturación parcelaria. En consecuencia, será necesaria a autorización previa do devandito servizo, e as condicións que se establezan no seu informe serán de obrigado cumprimento.*

Con data do 28/01/2016, preséntase solicitude de autorización previa, ante o Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña, para a segregación da parcela nº: 477, da zona de concentración parcelaria de Santa María de Lestedo (Boqueixón – A Coruña).

Polo Servizo de Infraestruturas Agrarias, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con data do 10/05/2016, emítense a **autorización previa**, para a presente segregación.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 22/12/15), polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a M<sup>a</sup> del Carmenxxxx, e a Manuelxxxx, a “licenza municipal”, para a segregación da finca rexistrál n°: 13636 (nº: 477 do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Santa María de Lestedo), sita no lugar da xxxx, e situada urbanísticamente en solo de núcleo rural (ordenanza de núcleo común), e en solo rústico de protección agropecuaria, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

Núm. do expediente: 15/2456

01. Promotores da licenza: M<sup>a</sup> DEL CARMENxxxx, con DNI n°: xxxx  
MANUELxxxx, con DNI n°: xxxx
02. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL (Ordenanza de núcleo común), e SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
03. Tipo de licenza: SEGREGACIÓN DE FINCA
04. Referencia catastral da finca matriz: 15012A506004770000WS
05. Situación e emprazamento: xxxx – LESTEDO
06. Técnico autor do proxecto: JORGE VALES FERNÁNDEZ. Arquitecto.

Descripción da parcela inicial e das parcelas resultantes

**1.- PARCELA INICIAL:**

Finca nº: 477, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Santa María de Lestedo, emprazada no lugar da xxxx. Finca destinada a labradío e monte, ao sitio de xxxx, Concello de Boqueixón, cunha superficie de cincuenta e tres áreas e oitenta centiáreas (**5.380,00 m<sup>2</sup>**); e que linda: norte, Domingo xxxx e outros (481); sur, Balbina xxxx (478) e camiño; leste, camiño; e oeste, Francisco xxxx (480) e Balbina xxxx (478).

Identificada coa referencia catastral nº:15012A506004770000WS; está clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural – ordenanza de núcleo común (4.360,80 m<sup>2</sup>); e como solo rústico de protección agropecuaria (1.019,20 m<sup>2</sup>); segundo o plan xeral de ordenación municipal de Boqueixón, actualmente vixente.

Inscrita no rexistro da propiedade de Santiago de Compostela nº 1:  
Tomo 1112, libro 76, folio 170, finca 13636.

**2.- PARCELAS RESULTANTES :**

Parcela 477-A:

*Clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural – ordenanza de núcleo común, ten unha extensión superficial bruta de 1.387,35 m<sup>2</sup>; dos que 101,02 m<sup>2</sup>, corresponderanse coa cesión municipal, polo que quedará unha superficie neta final de 1.286,33 m<sup>2</sup>; e que linda: norte, resto da finca matriz, que logo se dirá; sur, camiño; leste, camiño; e oeste, Balbina xxxx (478).*

Resto da parcela matriz 477:

*Clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural (2.973,45 m<sup>2</sup>), e solo rústico (1.019,20 m<sup>2</sup>), ten unha extensión superficial bruta de 3.992,65 m<sup>2</sup>; dos que 90,75 m<sup>2</sup>, corresponderanse coa cesión municipal, polo que quedará unha superficie neta final de 3.901,90 m<sup>2</sup>; (dos que 2.882,70 m<sup>2</sup>, serán de solo de núcleo rural – ordenanza de núcleo común; e 1.019,20 m<sup>2</sup>, serán de solo rústico de protección agropecuaria; e que linda: norte, Domingo xxxx e outros (481); sur, parcela 477-A; descrita anteriormente, e Balbina xxxx (478); leste, camiño; e oeste, Francisco xxxx (480).*

**Segundo:**

Aceptar, en base ao establecido no artigo 24.2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; as cesións municipais correspondentes ás parcelas 477-A (**101,02 m<sup>2</sup>**); e resto da parcela matriz 477 (**90,75 m<sup>2</sup>**), e destinalas á ampliación da vía pública municipal, a que dan fronte.

Deberán presentar, a nome do Concello de Boqueixón, a escritura pública de cesión.

**Terceiro:**

Notificar este acordo aos interesados.

**B) 16/292. Licenza municipal de obras. Construción dun albergue, na Gándara-Sergude.**

**Antecedentes:**

Con data do 20/01/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/292, de data do 12/02/2016, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a construcción dun albergue, emprazado sobre a parcela catastral nº.: 15012C505008800000DD, sita no lugar da Gándara, na parroquia de Sergude, a nome de D. Bruno xxxx, con DNI nº.: xxxx e M<sup>a</sup> del Carmen xxxx, con DNI nº.: xxxx, en base ao proxecto técnico básico e de execución, redactado polo estudio de arquitectura e urbanismo Hernando Ezquerra, S.L.P.; e asinado polo arquitecto representante, D. José Antonio Hernando Ezquerra, colegiado nº.: 1.779.

Con data do 11/11/2015, con rexistro de saída nº.: 15/1027, pola alcaldía deste concello, foi remitido un expediente de autorización previa de obras, para a construcción dun albergue na Gándara – Sergude (presentado por D. Bruno xxxx), ao Ministerio de Fomento, por encontrarse as obras previstas en zona de afección da estrada N-525.

Con data do 05/05/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/838, de data do 06/05/2016, por D. Bruno xxxx, achégase a **autorización previa** do Ministerio de Fomento, para a realización das obras previstas.

Con data do 19/05/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítense un informe técnico, que obriga ao promotor a corrixir varias deficiencias no proxecto presentado, así como que deberá achegar nova documentación.

Con data do 26/05/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/1031, de data do 27/05/2016, por D. Bruno xxxx preséntase a documentación requirida pola arquitecta municipal, en base ao informe técnico do 19/05/2016.

Con data do 03/06/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite o **informe técnico favorable**, e no que se di o seguinte:

- *As condicións establecidas no informe do Ministerio de Fomento, serán de obrigado cumprimento*

Con data do 14/06/2016, emítense o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O proxecto técnico básico e execución, visado polo colexio profesional correspondente
- A acreditación da titularidade da parcela, incluída no proxecto técnico
- O pago da taxa municipal correspondente, por importe de 61,62 €
- A cesión obrigatoria de 65,42 + 33 m<sup>2</sup>, segundo o proxecto técnico informado favorable
- A autorización previa do Ministerio de Fomento (estrada N-525)
- O oficio da dirección facultativa da obras
- O oficio da dirección de execución das obras
- O oficio de coordinación de seguridade e saúde das obras
- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 03/06/2016
- O informe xurídico, de data do 14/06/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras” a D. Bruno xxxxx, con DNI nº.: xxxxx e M<sup>a</sup> del Carmen xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, para a “construcción dun albergue”, sito no lugar da Gándara, na parroquia de Sergude, emprazado sobre a finca catastral nº.: 15012C505008800000DD, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Nº.: do expediente municipal: 16/292
02. Promotores do expediente: Bruno xxxxx – María del Carmen xxxxx
03. D.N.I. dos promotores: xxxxx - xxxxx
04. Clasificación urbanística da parcela: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
05. Tipo de licenza: Construcción dun ALBERGUE
06. Edificabilidade: 0,09 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> - (0,25 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, máxima permitida na parcela)
07. Ocupación: 9,76 % - (25%; máxima permitida na parcela)
08. Superficie construída: 175,96 m<sup>2</sup>
09. Altura: P.Baja = 3,20 m – (7,00 - B+1P - máxima permitida na parcela)
10. Situación e emprazamento: Gándara - Sergude
11. Referencia catastral da parcela: 15012C505008800000DD
12. Orzamento de execución material das obras: 86308,95 €
13. Liquidación do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 1639,87 €
14. Técnico asinante do proxecto: José Antonio Hernando Ezquerra, colexiado nº.: 1.779
15. Prazos de execución:

Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)  
Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

16. As condicións establecidas na autorización do Ministerio de Fomento, de data do 26/04/2016, baixo o expediente nº.: L-LC.15.2110, con rexistro de saída nº.: 003213, de data do 03/05/2016, serán de obrigado cumprimento
17. As obras a executar, deberan adaptar as recollidas no proxecto técnico e anexos, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con números de visado 1508285,1 de data do 28/12/2015; e 1504515,3; de data do 26/05/2016
18. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora*
19. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes
20. Esta licenza é para a construcción dun ALBERGUE. Calquera outra actuación que se vaia a realizar na finca (peches, urbanización interior...), non incluída no proxecto, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou comunicación previa, segundo o caso.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 1.639,87 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación:

A liquidación, por importe de **1.639,87 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.” Conta Nº: XXXXX- Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo aos interesados

## **11. Altas no servizo de abastecemento e saneamento**

### **A) Altas en Abastecemento**

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

<b>Nome</b>	<b>DNI</b>	<b>Enderezo inmoble</b>	<b>Taxa</b>	<b>Importe conexión/ instalación contador</b>
Ricardo XXXXX	XXXXX	XXXXX Vilar – Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €
Adrián XXXXX	XXXXX	XXXXX Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €
Marcos XXXXX	XXXXX	XXXXX Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €
María Carmen XXXXX	XXXXX	XXXXX – Lestedo (Edificios) – 15881 Boqueixón	54,86 €	96,51 €
Gerardo XXXXX	XXXXX	XXXXX– Boqueixón – 15881	109,73	549,40 €

	Boqueixón	€	
--	-----------	---	--

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

**1º-** Dar de alta no Servizo de Abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son todas para vivenda, excepto a de Gerardo xxxxx que é por obra.

A ditas taxas de abastecemento correspondentes a Ricardo xxxxx, Adrián xxxxx e Marcos xxxxx, foron aboadas pola promotora da construcción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007. As taxas correspondentes a María Carmen xxxxx e Gerardo xxxxx xa constan ingresadas polos interesados nas arcas municipais, figurando o xustificante de ingreso.

**2.-** Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ós seguintes enderezos:

- Ricardo xxxxx (Ó mesmo enderezo do inmoble)
- Adrián xxxxx e Marcos xxxxx  
(xxxxx – xxxxx Fontiñas – Santiago de Compostela)
- María Carmen xxxxx (Ó mesmo enderezo do inmoble)
- Gerardo xxxxx (xxxxx– Boqueixón – 15881 Boqueixón

**B) Altas en saneamento**

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmoble	Taxa
Ricardo XXXXX	XXXXX	Xxxxx Vilar – Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €
Adrián XXXXX	XXXXX	Xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €
Marcos XXXXX	XXXXX	Xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €
María XXXXX	XXXXX	Xxxxx Lestedo (Edificios) – 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

**1º-** Dar de alta no Servizo de Saneamento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivenda.

A ditas taxas de saneamento correspondentes a Ricardo xxxxx, Adrián xxxxx e Marcos xxxxx, foron aboadas pola promotora da construcción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007. A taxa correspondente a María Carmen xxxxx xa consta ingresada pola interesada nas arcas municipais, figurando o xustificante de ingreso.

**2.-** Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ós seguintes enderezos:

- Ricardo xxxxx(Ó mesmo enderezo do inmoble)
- Adrián xxxxx e Marcos xxxxx  
(xxxxx Fontiñas – Santiago de Compostela)
- María Carmen xxxxx (Ó mesmo enderezo do inmoble)

## **12. Aprobación das bases e prezos públicos das actividades incluídas na Xanela de verán 2016**

Vista a “Ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidas polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais” aprobada no Pleno ordinario do día 14 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) Aprobar as seguintes bases para as actividades previstas na programación de verán 2016:

### Inscricións

- Para as actividades de cultura e deportes as inscripcións realizaranse no departamento de cultura ou mediante [cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com) (descargar a ficha da web)
- Requírese un grupo mínimo para o comezo das actividades.
- Prazas limitadas con preferencia dos empadroados no concello.

### Pagamento

- As actividades de Concilia xuño, Campus deportivo, Verán activo, Patinaxe e cursos de natación, ingreso na conta do concello ES68 2080 0320 2531 10000666 (ABanca).
- As actividades de campamentos de verán, curso de monitor e *Boqueixón en ruta* facilitarase outro número de conta para o seu ingreso.
- Para o resto das actividades o pagamento será en efectivo.
- É preciso presentar o resgado de ingreso no concello xunto coa ficha de inscrición (ata 5 días antes do comezo da actividade)

### Descontos

- Para as actividades de nenos/as en idade escolar agás Aquapark, cursos de natación, curso de monitor de tempo libre e piscina, aplicaranse os seguintes **descontos**:
  - 2º fillo na mesma actividade: 25%
  - 3º fillo na mesma actividade: 50%
  - 4º fillo ou máis: de balde

2º) Aprobar os seguintes prezos para as seguintes actividades :

\* CONCILIA XUÑO : 23, 27,28,29 e 30 xuño (inclúe monitores, material e comedor 40 €/ sin comedor 10€)

\* CAMPUS DEPORTIVO : 23, 27,28,29 e 30 xuño ( 50 €, inclúe monitores, material, xantar e merenda tarde )

\* VERÁN ACTIVO: Xullo e agosto 40 €/mes 20 €/quincena

\* CURSO DE NATACIÓN: Mes de xullo (2 días/semana) 20 €

\* PATINAXE: Mes de xullo (2 días/semana) 10 €

\* AQUAPARK CERCEDA: ata 4 anos gratis (acompañados de adulto)

De 5 a 12 anos: 7 €

Maiores de 12 anos: 10 €

Inclúe autobús e entrada

\* CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE: 200 h. teóricas e 150 h. prácticas -150 €

\* DESCENSO DO ULLA EN PIRAGUAS: 20 € (inclúe piragua e seguro)

\* CAMPAMENTOS DE VERÁN

De 8 a 12 anos: 140 € (do 24 ao 30 de xuño)

1º e 2º ESO: 80 € (do 2 ao 7 de agosto)

3º e 4º ESO: 80 € (do 8 ao 13 de agosto)

\* ECOPARQUE DE MARÍN: 20 € (inclúe entrada e autobús)

\* COÑECE GALICIA: CANGAS E BUEU: 20 € (inclúe autobús e comida)

\* BOQUEIXÓN EN RUTA: LOURDES: 255 € (inclúe desprazamentos, pensión completa e guía)

3º) Publicar estas bases e prezos na axenda cultural e deportiva Xanela de Verán 2016 e na páxina web do concello.

### **13. Devolución cobros actividades culturais e deportivas 2015/2016**

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 17 de setembro de 2015 aprobáronse as bases e os prezos das escolas culturais e deportivas 2015/2016.

Tendo en conta que algunas persoas se inscribiron e non continuaron na actividade, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Devolver os importes que se especifican a continuación:

Nome e apelidos	Titular	Actividade	Motivo	Importe pagado	Importe a devolver
Mª Begoña XXXXX	Mª Begoña XXXXX	Zumba ximnasio	Baixa en dec.	30 € (feb-marzo) Devolvouse 15 € na XG 06/05/16	15 € (mes de marzo)
Benilde XXXXX	Benildis XXXXX	Pilates Lestedo	Non actividade abril-maio	30 € (abril-maio)	30 € (abril-maio)

2.- Dar traslado deste acordo á Tesoureira do concello para proceder á súa devolución.

### **14. Xustificación do segundo pagamento da subvención “proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas”**

No DOG número 112 do día 16 de xuño de 2015, publícase a Orde do 2 de xuño de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas promovidos por concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria.

Por decreto de alcaldía de 9 de xullo de 2015 resolveuse solicitar unha subvención por importe de 51.000 € (68% do total) ao abeiro desta convocatoria, sendo o importe total do proxecto de 75.000 € e o ámbito de actuación, os concellos de Boqueixón, Teo e Touro.

O período subvencionable abrangue desde o 1 de xuño de 2015 ata o 30 de xuño de 2017.

O día 29 de outubro de 2015 recíbese a comunicación da resolución da Consellería de Sanidade do 23 de outubro, pola que se concede ao Concello de Boqueixón unha subvención por un importe total de 43.843,97 € que corresponde ao 58,45% da cuantía total do proxecto.

Do importe concedido recibíuse o 18 de febreiro de 2016 un primeiro pagamento de carácter anticipado por importe de 11.459,40 euros, en concepto de gastos de preparación e posta en marcha e execución de actividades.

O artigo 24 das bases reguladoras establece un segundo pagamento, equivalente ao 24,62% da contía da subvención outorgada, en concepto de gastos de continuación do proxecto de prevención. Este pagamento efectuarase trala presentación da documentación requerida no artigo 23.1, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1.Que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade deste concello están os documentos xustificativos deles, que quedan a disposición da Consellería de Sanidade e demais institucións contempladas na lexislación para calquera comprobación que se requira efectuar.

2.Que a finalidade da dita subvención éi o desenvolvemento do proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas na agrupación de concellos Boqueixón, Teo e Touro e maniféstase o cumprimento desta.

3.Que os gastos que están contabilizados polo concello como efectivamente pagados, ocasionados pola realización das actividades do citado proxecto no período do 1 de xuño de 2015 ata o 31 de maio de 2016, ascenden a un total de **42.372,09 euros**. Os gastos imputables a esta subvención son os seguintes:

#### A) GASTOS DE PERSOAL PERSONAL PROPIO

Período	Perceptor da nómina	Importe bruto	Cota patronal	Total gasto	Data e forma de pago	% imputado	Importe imputado
xuño 2015- maio 2016	Rosario Iglesias Iglesias	29.587,63€	8.108,40 €	36.917,21€	Transferencia bancaria final cada mes	90%	33.225,48 €
<b>TOTAL</b>							<b>33.225,48 €</b>

Período	Perceptor da nómina	Importe bruto	Cota patronal	Total gasto	Data e forma de pago	% imputado	Importe imputado
xuño 2015- maio 2016	Yolanda Neira Cristobo	14.868,91 €	4.869,52 €	19.738,43 €	Transferencia bancaria final cada mes	37,77%	7.455,28 €
<b>TOTAL</b>							<b>7.455,28 €</b>

#### SERVIZOS EXTERNOS

Nº factura	Data factura	Acredor	Concepto gasto	Importe total factura	Importe imputado	% imputado	Data de pago
1604001	21/04/16	Ana Couto coaching	Charla intelixencia emocional	50 €	50 €	100%	31/05/16
				<b>TOTAL</b>	<b>50 €</b>		

## B) GASTOS DE MATERIAL

Acreedor	Concepto de gasto	Nº fact	Importe	Data de emisión	Importe imputado	% imputado	Data de pago
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	99003577	420,63 €	30/06/15	50 €	11,88 %	22/07/15
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	99003829	420,63 €	30/07/15	50 €	11,88€	2/08/15
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	99004467	420,63 €	31/08/15	150 €	35,66 %	29/10/15
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	99004765	420,63 €	30/09/15	150 €	35,66 %	29/10/15
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	99005729	420,63 €	30/10/15	150 €	35,66 %	09/12/15
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	99005991	420,63 €	30/11/15	150 €	35,66 %	29/03/16
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	99006970	420,63 €	30/12/15	150 €	35,66 %	29/01/16
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	35000238	420,63 €	29/01/16	150 €	35,66 %	26/02/16
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	35000906	420,63 €	29/02/16	150 €	35,66 %	15/04/16
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	35001522	420,63 €	31/03/16	150 €	35,66 %	10/05/16
Fornecimentos Galegos S.L.	Fotocopias	35002159	420,63 €	29/04/16	150 €	35,66 %	31/05/16
				<b>TOTAL</b>	<b>1.450€</b>		

## C) OUTROS GASTOS: AXUDAS DE CUSTO

Nome do perceptor	Data rexistro	Nº entrada	Importe total	Importe imputado	Data pagamento
Yolanda Neira Cristobo	23/05/16	16/960	191,33 €	19133 €	07/06/16
			<b>TOTAL</b>	<b>191,33 €</b>	

4. Que para a mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención algunha doutra entidade pública ou privada, polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención.

## 15. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e prace

A secretaria

O alcalde